

NORMAS DE COMEDOR 2026-2027

- **PRAZO:**

A entrega de solicitudes do servizo de comedor será dende o 5 de maio ata o 30 de xuño de 2026

- **HORARIO E SAÍDAS**

As/os nenas/os terán que ser recollidas/os puntualmente, xa que as cuidadoras rematan o seu horario de traballo.

15H: PORTA 5 (Comedor) A partir de Outubro, previo aviso.

E. Infantil, 1º-2º PRIMARIA: PORTA 1 (PRINCIPAL) 15:30 a 15:45.

3º A 6º DE PRIMARIA: PORTA 3 (Centro Saude) 15:30 a 15:45.

Se un/unha alumna non pode asistir un día reservado por motivos persoais, non poderá recuperalo nin cambiálo por outro día.

No caso de ausencias programadas, agradecemos que se avise na semana anterior que é cando se realiza a previsión.

As/os usuarias/os do comedor que vaian sós para casa teñen que traer unha autorización asinada polas/os súas nais/pais ou titores legais.

As/os alumnas/os de **1º e 2º da ESO** deberán marchar e non quedar no recinto do colexio en canto rematen de comer.

Para a entrega de nenos/as á saída é importante que completedes os datos cos autorizados para recollelos así como tamén os números de teléfono actualizados

- **AVISO de NON ASISTENCIA E OUTROS AVISOS:**

Todas/os usuarias/os do comedor teñen a obriga de avisar da súa non asistencia a Anpa ANTES DAS 9:30.

É especialmente importante que as nenas/os bolseiras/os avisen da súa NON asistencia pois o Concello esixe ás ANPAS un parte de faltas, a reiteración das faltas inxustificadas pode ter como consecuencia a perda da beca.

A ANPA sancionará con 2€ a ausencia reiterada de aviso a partir da segunda vez. A partir da terceira vez se cobrará o prezo do menú.

Recordámosvos que debedes avisar tamén ao colexio da non asistencia!!!

As vías para avisar son:

- 687 057 707
- anpaseisdonadal@gmail.com



● **MANDILÓN E MUDA**

As/os nenas/os de infantil e calquera que o precise deberá traer unha caixa pequena coa muda de roupa, todas as prendas de roupa e a caixa deberán levar o nome completo e o curso para seren identificados.

● **PAGOS**

O pago dos recibos do comedor farase por adiantado nos 10 primeiros días do mes. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ó comedor.

● **NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA**

Durante o horario do comedor as/os alumnas/os cumprirán as normas de hixiene e comportamento que establezan as coidadoras dacordo coa ANPA e aprobadas no Consello Escolar.

O regulamento estará exposto no comedor e pode consultarse na web do colexio e no blog da Anpa

As coidadoras cubrirán diariamente un parte de incidencias de comedor e o entregarán á responsable do comedor da ANPA. En caso de faltas graves pódese perder o dereito de asistencia ao comedor previo aviso ás familias e ao Concello, caso de ser bolseiros.

● **MOTIVOS DE SANCIÓN OU EXPULSIÓN**

Comportamento incorrecto:

No caso reiterado de que os nenos/as se comporten incorrectamente as coidadoras informarán a ANPA para que esta tome a oportuna decisión.

Os casos de maior gravidade serán notificados á dirección do centro; podendo chegar a expulsión do comedor polo tempo que se estime oportuno. As alteracións da convivencia no comedor as diferenciamos en leves, graves e moi graves.

Considéranse leves:

- Calquera acto que perturbe o normal desenvolvemento do comedor.
- Manifestar unha actitude pasiva ou negativa ante os avisos ou correccións.
- Calquera acto de incorrección e desconsideración cara os outros membros.
- Causar pequenos danos nas instalacións.

Se amoestará por verbal ou escrito e poderá tomarse unha suspensión de dereito de asistencia ó comedor por un prazo máximo de tres días lectivos.



Considéranse graves:

- As faltas reiteradas de asistencia sen xustificar.
 - Os actos de incorrección ou desconsideración cos compañeiros ou membros do comedor.
 - Os danos graves causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais do comedor.
 - A reiteración no mesmo trimestre de dous ou máis faltas leves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta leve.

Se expulsará da sesión do comedor con comparecencia inmediata ante o responsable do mesmo ou o Director, poderá tomarse unha suspensión de dereito de asistencia ó comedor por un prazo máximo de seis días lectivos.

Considéranse moi graves:

- Os actos graves de indisciplina, desconsideración, insultos, falta de respecto ou actitudes desafiantes, cara os demais compañeiros ou membros do comedor.
- O acoso físico ou moral dos compañeiros.
- O uso da violencia, as agresións, as ofensas graves ou os actos que atenten gravemente contra os compañeiros ou membros do comedor.
- A discriminación, as vexacións ou as humillacións a calquera membro, xa sexan por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, orientación sexual, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A gravación, publicidade ou difusión, a través de calquera medio de agresións ou humillacións.
- Os danos graves causados intencionadamente nas instalacións.
- Introducción no comedor de obxectos ou sustancias prexudiciais para a saúde.
- A reiteración no mesmo trimestre de dous ou máis faltas graves.
- O incumprimento da sanción imposta dunha falta grave.

Poderá tomarse unha suspensión de dereito de asistencia ó comedor por un prazo superior de seis días lectivos a un mes. Podendo ser unha expulsión definitiva. Outros motivos de expulsión:

- Chegar tarde reiteradamente a recollelo neno/a.
- Faltar 4 veces ó comedor sen comunicalo ó responsable do mesmo.
- O impago dentro dos prazos establecidos.
- Ter algunha débeda co ANPA por algunha actividade extraescolar que esta organice.

• DIETAS ESPECIAIS

Para pedir un cambio no menú por motivos de saúde hai que chamar á ANPA antes das 9: 30 h. En caso de alerxias con réxime especial deberán aportar un informe médico e unha autorización en conforme pode asistir ao comedor escolar



Coa seguinte sinatura, eu* _____
_____ con DNI _____ , nai/pai/totira/titor da/o nena/o

acato o cumprimento das normas expostas, tanto das medidas sancionadoras, coma da reparación dos danos ocasionados polo meu fillo/a, así como exixir a o meu fillo/a o compromiso de cumprilas; e **autorizo á ANPA VALENTIN PAZ ANDRADE a enviar instrucións á entidade** do deudor para adeudar na súa conta.

Como parte dos seus dereitos, o deudor está lexitimado ó reembolso pola súa entidade nos termos e condicións do contrato suscrito coa mesma. A devolución deberá solicitarse dentro das 8 semanas seguintes á emisión do recibo

Asinado:

Vigo, ____ de _____ de 202

- No caso de solicitar beca, cubrir cos datos da nai/pai/titora/titor solicitante

